



Xogade

NATACIÓN

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRIPCIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través páxina web: xogade.xunta.gal. Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte: deporte.xunta.gal.

A data de peche da inscrición dos equipos participantes será o 31 de xaneiro de 2017.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar neste programa XOGADE, na modalidade de Natación, todos os clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS, etc. que cumpran os requisitos da inscrición.

Nesta competición non poderán participar aqueles deportistas que teñan licenza de "deportista de competición" para a presente tempada, expedida pola Federación Galega de Natación, pero si os que teñan licenza de "Escola de Natación".

3. CATEGORÍAS

BENXAMÍN masculina e feminina: Nados nos anos 2008-2007.

ALEVÍN masculina e feminina: Nados nos anos 2006-2005.

4. PROGRAMA DE PROBAS

O programa de probas para as fases previas será:

1ª xornada		2ª xornada	
1	25 m. braza masculino benxamín	13	25 m. bolboreta masculino benxamín
2	25 m. braza feminino benxamín	14	25 m. bolboreta feminino benxamín
3	50 m. braza masculino alevín	15	50 m. bolboreta masculino alevín
4	50 m. braza feminino alevín	16	50 m. bolboreta feminino alevín
5	25 m. crol masculino benxamín	17	25 m. de costas masculino benxamín
6	25 m. crol feminino benxamín	18	25 m. de costas feminino benxamín
7	50 m. crol masculino alevín	19	50 m. de costas masculino alevín
8	50 m. crol feminino alevín	20	50 m. de costas feminino alevín
9	4x25 m. libre masculino benxamín	21	4x25 m. estilos masculino benxamín
10	4x25 m. libre feminino benxamín	22	4x25 m. estilos feminino benxamín
11	4x50 m. libre masculino alevín	23	4x50 m. estilos masculino alevín
12	4x50 m. libre feminino alevín	24	4x50 m. estilos feminino alevín

Na fase provincial:

1	50 bolboreta-costas masculino benxamín
2	50 bolboreta-costas feminino benxamín
3	100 bolboreta-costas masculino alevín
4	100 bolboreta-costas feminino alevín
5	50 braza-crol masculino benxamín
6	50 braza-crol feminino benxamín
7	100 braza-crol masculino alevín
8	100 braza-crol feminino alevín
9	4x50 m libre masculino benxamín
10	4x50 m libre feminino benxamín
11	4x100 m libre masculino alevín
12	4x100 m libre feminino alevín

5. PARTICIPACIÓNS E FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Cada nadador poderá nadar as dúas probas individuais e o relevo da súa categoría en calquera das fases.

Nas xornadas da fase local non haberá límite de nadadores por proba individual e entidade. En relevos poderanse inscribir ata 2 equipos por proba.

Na fase provincial, cada entidade poderá inscribir un máximo de 8 nadadores por proba e categoría, e 2 equipos de relevos. Este número poderá aumentar en función das entidades participantes.

Para formar parte dun equipo de relevos o nadador deberá estar anotado nalgunha proba individual (este requisito só é aplicable na fase local).

6. FASES

Poderanse organizar as seguintes fases:

Fase local: Competirán todos os nadadores e entidades do concello ou zonas limítrofes cunha piscina próxima, a determinar.

Fase provincial: Competirán todas as entidades cos nadadores clasificados. Nesta fase, unha vez confeccionada a clasificación de cada proba, aplicaranse as seguintes puntuacións en función do posto:

- Probas individuais: 27, 24, 22, 21, 20, 19, 18, 17, 16, 15, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2,

- Relevos: 54, 48, 44, 42, 40, 38, 36, 34, 32, 30, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.
- Puntuarán soamente 3 nadadores por proba individual e 1 relevo, por entidade.

Confeccionaranse clasificacións independentes para a categoría benxamín (masculina, feminina e mixta) e para a categoría alevín (masculina, feminina e mixta).

As entidades gañadoras da fase provincial proclamaranse "Campión Provincial".

7. ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES

Cada fase se organizará nunha sesión, que dará comezo ás 17.00 horas ou ás 10.30 horas, segundo se celebre en sábado ou en domingo.

Polo menos unha hora antes do inicio de cada sesión a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

As datas de celebración das diferentes fases serán as seguintes:

Fase local : xaneiro- marzo

Fase provincial: maio

As sedes concretaranse no momento oportuno.

8. OUTRA INFORMACIÓN

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Natación, que pode consultarse na páxina web da federación: www.fegan.org